

Dende a Federación Galega de Tenis de Mesa tense programada a realización do proxecto “O teu Xacobeo” que consiste na peregrinación do Camiño Portugués dende Valença do Minho ata Santiago de Compostela.

A actividade estará destinada a todos aqueles interesados dentro da franxa de idade de 13 a 17 anos.

A convocatoria para as xornadas do camiño sería para as seguintes datas:

21 a 26 de agosto

As etapas serían:

1. Valença do Minho – Porriño (21 de agosto)
2. Porriño – Redondela (22 de agosto)
3. Redondela – Pontevedra (Marín) (23 de agosto)
4. Marín – Caldas de Reis (24 de agosto)
5. Caldas de Reis – Padrón (25 de agosto)
6. Padrón – Santiago (26 de agosto)

-Ao final de cada etapa haberá unha pequena exhibición de tenis de mesa, unha feira de produtos típicos da zona polo que transcorreu a etapa e unha charla que impartirá unha personaxe relevante do deporte, cultura, política, etc.

-No final de etapa en Pontevedra, trasladarémonos a Marín e alí haberá unha exhibición a cargo das seleccións femininas galega, española e portuguesa.

-As persoas interesadas deberán facelo saber mediante un correo ao email info@ocaminodotenisdemesa.com antes do día 2 de agosto.